

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e dous minutos do día dezasete de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 17 de novembro de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202011171902090000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 1668/2020, do 4 de novembro, de aprobación das bases específicas e convocatoria das axudas do Concello de Cambre ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña. Programa PEL-Reactiva da Deputación Provincial

Acceso á videoacta – 00:00:09 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 6 de novembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Con data 4 de novembro de 2020, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 1668, que consta do seguinte teor literal:

«Tendo en conta que con data 12/08/2020 publicouse no BOP núm. 128 a Resolución núm. 2020/24109, de 7 de agosto de 2020, pola que se modifica a resolución de Presidencia núm. 2020/23462, de data 31 de xullo de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes.

Tendo en conta que o día 28 de outubro de 2020 publicouse no BOP número 181 da Provincia da Coruña a Resolución da Deputación Provincial pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña (PEL-REACTIVA) e que o Concello de Cambre, con número de expediente 2020000034631, recibiu unha subvención de 342.435,14 euros, sendo a contía total do noso orzamento para a subvención Pel Reactiva de 428.043,92 euros.

Visto o informe proposta da axente de emprego e desenvolvemento local, co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado da Área de 4 de novembro de 2020.

Visto o informe de fiscalización da intervención municipal de data 4 de novembro de 2020

Visto o establecido nos artigos 185.2 e 217.1 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a número 31 das bases de execución do orzamento.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: aprobar as Bases Específicas reguladoras e a Convocatoria das axudas do Concello de Cambre dentro do programa PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña, tal e como se transcribe a seguir:

"BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO CONCELLO DE CAMBRE INCLUÍDAS NO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA. PROGRAMA PEL-REACTIVA

BASE 1ª. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto destas bases é regular as axudas a conceder polo concello de Cambre, adherido ao Fondo de Financiamento promovido pola Deputación da Coruña, aprobadas coa finalidade de impulsar a actividade económica e o emprego no noso termo municipal e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID-19, nas microempresas e autónomos/as.

A finalidade destas axudas é facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID-19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico.

BASE 2ª. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderán acollerse a estas axudas, as persoas físicas ou xurídicas que reúnan a condición de persoa beneficiaria segundo o disposto na Base 4ª.

BASE 3ª. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender as solicitudes das axudas veu determinada na resolución da Presidencia da Deputación, publicada no BOP núm. 181, do 28 de outubro de 2020, na que se confirma a adhesión do concello ao Fondo de Financiamento e a concesión da subvención.

O Fondo de Financiamento constitúese cun 80% de achega da Deputación da Coruña e un 20% financiado con fondos propios do concello. Tendo en conta que os fondos destinados á subvención Consolida Cambre 2020 computa para o 20% da achega municipal, de conformidade co establecido na Norma 4 do Fondo PEL- REACTIVA, o crédito destinado á presente convocatoria ascende a 342.735,14 euros, imputables á aplicación orzamentaria 2020 433 47002 "Axudas PEL-Reactiva", financiado integramente coa achega da Deputación provincial da Coruña.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento destas axudas.

BASE 4ª. PERSOAS BENEFICIARIAS

4.1. Beneficiarios/as

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

- **Grupo I:** Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
- **Grupo II:** Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- **Grupo III:** Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros

4.2. Requisitos das persoas beneficiarias

Con carácter xeral, os beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal en Cambre.
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TXSS.
- Non ter débeda ningunha co concello.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia e coa Deputación da Coruña.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 14.

A) Requisitos específicos das persoas físicas

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

B) Requisitos específicos das persoas xurídicas

A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

C) Exclusiones

Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

4.3. Documentación que se ha presentar

- NIF/NIE ou CIF segundo corresponda.
- Certificado de conta bancaria.
- Anexo VIII: Solicitud da axuda
- Anexo IX: Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas.
- Beneficiarios/as do Grupo I:
 - Certificado actualizado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria.
 - Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o seu número de traballadores/as
- Beneficiarios/as do Grupo II:

- Ademais da documentación indicada para o Grupo I, acreditación da redución de ingresos dende os seis meses previos á declaración do estado de alarma e ata a data de presentación da solicitude da axuda, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.
- Beneficiarios/as do Grupo III:
- Ademais da documentación indicada para o Grupo I, documento acreditativo da situación de ERTE.

O concello poderá realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e das obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas.

No anexo IX Declaración Responsable de cumprimento de requisitos e obrigas, enumérase a documentación que o concello poderá, no seu caso, requirirlle aos beneficiarios/as.

BASE 5ª. DESTINO DAS AXUDAS

As axudas teñen un carácter finalista e van destinadas a facilitar medios para facer fronte ás consecuencias da crise provocada pola COVID-19, e a paliar o seu impacto económico e social sobre as microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas de Cambre, que cumpran os requisitos establecidos na base 4 para ser beneficiarios/as, e cos importes determinados conforme ao establecido na base 8.

BASE 6ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos destas axudas, concorrencia competitiva implica que o procedemento de concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases, e adjudicar a axuda a aquelas que obtiveran unha maior valoración co límite orzamentario fixado para cada concello.

A valoración das solicitudes realizarase por grupos de beneficiarios/as dos establecidos na Base 4.1, ordenando por orde de maior a menor puntuación as solicitudes de cada grupo.

Terán prioridade para a concesión, os/as solicitantes pertencentes ao grupo I de beneficiarios/as que obtiveran maior puntuación.

Se atendendo ao límite orzamentario fixado para o concello de Cambre hai crédito dispoñible, este destinarase a cubrir as solicitudes con maior valoración do Grupo II e por último as do Grupo III con maior valoración, ata esgotar o crédito dispoñible.

6.1 Criterios de valoración

As solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, puntuaranse de acordo cos seguintes criterios de valoración:

CRITERIOS DE VALORACIÓN		ASPECTOS QUE SE HAN VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (35 puntos)
1	Tipo de empresa	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados	10
	<i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados	8

		Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a	6
	(Máximo 10 puntos)	Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados	5
2	Forma xurídica da empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais	8
	(Máximo 10 puntos)	Outras con personalidade xurídica	6
3	Nº mulleres contratadas ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	5
	(Máximo 5 puntos)	Ata 5	3
4	Nº persoas discapacitadas contratadas ⁽²⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	5
	(Máximo 5 puntos)	Ata 5	3
4	Nº menores de 30 anos contratados/as ⁽³⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	5
	(Máximo 5 puntos)	Ata 5	3
5	Emprego da lingua galega (Máximo 2 puntos)	Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda	2

- (1) Deberá computarse o número de traballadores/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación a xornada completa.
- (2) Deberá computarse o número de traballadores/as discapacitados/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.
- (3) Deberá computarse o número de traballadores/as menores de 30 anos contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.

En caso de empate, priorizaranse como criterios de desempate, os seguintes:

- 1º. Nº mulleres contratadas.
- 2º. Nº persoas discapacitadas contratadas.
- 3º. Nº menores de 30 anos contratados
- 4º. Empresas de economía social.
- 5º. Data e hora de presentación completa da solicitude.

BASE 7ª. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLE

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aquelas actividades que estean dentro dos seguintes conceptos de gasto:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
601	Compra de material Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo

	*O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking. *O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.
622	Reparación e conservación Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo
625	Primas seguros Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo
628	Subministracións Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable

BASE 8ª. CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE

O importe da subvención será fixo, e determinarase conforme aos seguintes criterios:

- a) Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: 1.500 euros
- b) Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación do segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se visen na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo ao seguinte:
 - Un só traballador/a: 2.000,00 euros
 - Entre 2 e 5 traballadores/as: 2.500,00 euros
 - Entre 6 e 9 traballadores/as: 3.000,00 euros

O período subvencionable abarcará dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 euros. O importe de axuda a conceder será minorada na cantidade que exceda deste límite.

BASE 9ª. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte á publicación da convocatoria específica das axudas do Concello de Cambre no *Boletín Oficial da Provincia*, e finalizará ás 14:00 horas do día 25 de novembro de 2020.

As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención das axudas, estarán dispoñibles na Sede electrónica do Concello de Cambre.

As solicitudes, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do concello de Cambre accesible a través do enlace <https://sede.cambre.es/opencms/es/> utilizando o formulario normalizado de

solicitude dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medio electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión da solicitude.

BASE 10ª. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes de cada grupo que cumpran cos requisitos, atendendo ao establecido na Base 6ª, ata esgotar o crédito inicial dispoñible para o concello, serán propostas por orde de puntuación para seren resoltas favorablemente.

O concello poderá requirir aos solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

BASE 11ª. RESOLUCIÓN

Pola Alcaldía, ou persoa en quen delegue, ditarase resolución de concesión definitiva, que deberá notificárselle aos interesados/as segundo o establecido o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e publicarase na páxina web do concello.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención, e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

No seu caso, incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas, non fosen estimadas por pasarse a contía máxima do financiamento dispoñible fixado na convocatoria correspondente.

O acordo de concesión ou denegación da subvención solicitada porá fin á vía administrativa, sendo aplicable o réxime de recursos establecidos na Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

BASE 12ª. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

Os beneficiarios da subvención deberán presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto que lle foron subvencionados, como data máxima, o 31 de marzo de 2021.

BASE 13ª. PAGO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base 7ª, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

BASE 14ª. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS

Os/as beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes compromisos e deberes:

1. Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
2. Os/as beneficiarios/as están obrigados a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica polo menos 3 meses dende a finalización do período subvencionable.
3. Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
4. Cumprir coa normativa de minimis e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.
5. Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 euros.
6. Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.
7. Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
9. Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
10. Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo, logotipo do Concello de Cambre, da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
11. Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
12. Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
13. Someterse ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.

BASE 15ª. REVOGACIÓN E REINTEGRO

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu desfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puidesen derivarse.

BASE 16ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Será de aplicación a estas bases a normativa seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais

- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) (1)
- Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) (1)
- Regulamento (UE) n.º 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 51, do 22 de febreiro de 2019) (1)
- Regulamento (UE) n.º 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) (1)

(1) Deberá terse en conta as Comunicacions da Comisión Europea sobre Marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote da COVID-19: C/2020/1863, publicada no DOUE C 91I do 20/03/2020, e modificacións do 03/04/2020, publicada no DOUE C 112I do 04/04/2020, e do 12/05/2020, publicada no DOUE C 164 do 13/05/2020.

A xestión destas axudas suxeitarase aos principios de publicidade, concorrència, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

BASE 17ª. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo concello de Cambre coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Cambre ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o concello porá ao seu dispor un modelo de solicitude en: <https://sede.cambre.es>

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

BASE 18ª. CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro das subvencións outorgadas, levarase a cabo polo control interno municipal de acordo coa normativa do concello. Para tal fin, o concello poderá solicitar a colaboración do control financeiro da Intervención provincial.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1

Coa finalidade de mellorar a xestión do Fondo de Financiamento e cumprir o obxectivo previsto nesta convocatoria de axudas, os seus prazos de tramitación poderán reaxustarse por resolución da Presidencia da Deputación da Coruña.

**ANEXO VIII
SOLICITUDE DA AXUDA PEL REACTIVA AO CONCELLO DE CAMBRE**

DATOS DO/A SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	NIF/NIE/CIF	
ENDEREZO	C.P.	
LOCALIDADE	PROVINCIA	
LOCALIDADE DO CENTRO DE TRABALLO		
TELÉFONO/S	CORREO ELECTRÓNICO	PÁXINA WEB
TIPO DE EMPRESA	1. PERSOA FÍSICA 2. PERSOA XURÍDICA	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA		

DATOS DE REPRESENTACIÓN: (no caso de non coincidir co/a solicitante)

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
EN CALIDADE DE	a. TITULAR b. REPRESENTANTE

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria de axudas do Concello de CAMBRE, no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

**ANEXO IX
DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E OBRIGAS**

D./Dna. _____, provisto/a de NIF/NIE nº. _____, en representación de _____ con CIF nº. _____, solicitante das axudas do Concello de CAMBRE convocadas ao abeiro do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña,

DECLARA:

- Que reúne os requisitos para ser beneficiario/a das axudas do Concello de CAMBRE, no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.

- Que pertence a algún dos grupos de beneficiarios/as indicados a continuación (marque o que proceda):

<p>Grupo I: Afectado/a polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do Concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>
<p>Grupo II: Non afectado/a polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vise reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>
<p>Grupo III: Obrigado/a a acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Empleo), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>

- Que na súa empresa se cumpren as seguintes condicións (marque o que proceda):

<p>Tipo de empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i></p>	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados	<input type="checkbox"/>
<p>Forma xurídica da empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i></p>	Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais	<input type="checkbox"/>
	Outras con personalidade xurídica	<input type="checkbox"/>
<p>Nº mulleres contratadas ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i></p>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
<p>Nº persoas discapacitadas contratadas ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i></p>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
<p>Nº menores de 30 anos contratados/as ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i></p>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
<p>Emprego da lingua galega</p>	Emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda	<input type="checkbox"/>
<p>(1) As persoas contratadas deben computarse a tempo completo. No caso de contratos a tempo parcial,</p>		

computarán na porcentaxe equivalente con relación a un contrato a tempo completo.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE PODE SER REQUIRIDA

O/a solicitante está obrigado a ter a disposición do concello a seguinte documentación para o caso de ser requirida:

A. En caso de persoa física:

- a) DNI ou NIE, só no caso de non ser a mesma persoa que fai a presentación telemática.
- b) Certificado de vida laboral do/a autónomo/a no que conste a data de alta no RETA (no caso de que o/a solicitante sexa persoa física) actualizado
- c) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- d) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente
- d) Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as a data do 1 de marzo de 2020
- e) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade ou da concesión do ERTE no caso de que proceda.
- f) Contrato/s de traballo no caso de que teña asalariados ao seu cargo
- g) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso

B. En caso de microempresas:

- a) NIF da persoa xurídica, só no caso de non utilizar certificado de representante
- b) Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variación posteriores (de as haber), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados (no caso de que o/a solicitante sexa persoa xurídica)
- c) Contrato de constitución da sociedade civil
- d) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa
- e) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- f) DNI ou NIE da persoa administradora, no caso de non ser a mesma que fai a presentación telemática
- g) Documento acreditativo de concesión do ERTE, se procede
- h) Contrato/s de traballo dos/as asalariados/as ao seu cargo

i) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AET) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso

j) TC1 e TC2

k) Declaracións tributarias relativas a 2020 e o 2º semestre de 2019

l) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade

ll) Documentación contable da actividade económica desenvolvida

- Que se compromete a cumprir coas obrigas dos/as beneficiarios/as da subvención, singularmente relacionadas na **Base 14 "Obrigas das persoas beneficiarias das axudas"** das reguladoras da axuda solicitada.

- Lin o significado legal de "declaración responsable", conforme o expresamente disposto no artigo 69.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas (publicada no BOE núm. 236, do 02/10/2015):*

"Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento suscrito por persoa interesada na que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da administración cando se lle requira, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a este recoñecemento ou exercicio.

Os requisitos aos que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As administracións poderán requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o/a interesado/a deberá achegala."

Asinado dixitalmente, de de 2020"

Segundo: aprobar un gasto por importe máximo de trescentos corenta e dous mil setecentos trinta e cinco euros con catorce céntimos (342.735,14 €) con cargo á aplicación orzamentaria 2020 433 47002 "Axudas PEL-Reactiva"

Terceiro: publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: no caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases e da súa convocatoria, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto: dar traslado desta resolución á Intervención Municipal a través da plataforma de administración electrónica TEdC.

Sétimo: elevar esta resolución ao Pleno para a súa ratificación.

Oitavo: Dese traslado ao departamento afectado para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan.»

Tendo en conta o disposto na citada resolución, proponho ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1668/2020, do 4 de novembro, de aprobación das bases específicas e convocatoria das axudas do Concello de Cambre ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña. Programa Pel-Reactiva da Deputación Provincial da Coruña.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 12 de novembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2. Aprobación, se procede, do Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 00:03:12 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 9 de novembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019 adheriuse, en calidade de asinante, ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sostible (actualmente Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía). Con esta adhesión o Concello de Cambre comprométese a actuar para alcanzar o obxectivo da Unión Europea, consistente basicamente en reducir as emisións de CO2 no seu territorio en polo menos un 40 % para o ano 2030 a través da mellora da eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, e aumentar a súa resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, o Concello comprométese a redactar un “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES)” nun prazo de dous anos desde a data de adhesión, isto é, antes do 28 de febreiro de 2021. O PACES seguirá a guía metodolóxica “Guía para a presentación de Informes” publicada pola Oficina en Europa do Pacto dos Alcaldes en marzo de 2020, o que implica redactar os seguintes documentos técnicos que forman o contido mínimo do PACES:

- Estratexia.
- Inventario de emisións de referencia.
- Riscos e vulnerabilidades.
- Accións de mitigación.

Coa data do 14 de maio de 2020, se publica a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda *do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con*

cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A). O concello de Cambre solicitou unha subvención ao abeiro desta orde coa data do 27 de maio de 2020 e rexistro de entrada 2020/916621.

A Xunta do Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 18 de agosto de 2020, adoptou o acordo de adjudicar o contrato para a execución do servizo de "Elaboración do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Cambre", a favor da empresa "SM Sistemas Medioambientales, S.L.", no prezo ofertado de 7.000,00 € sen IVE, 8.470,00 € IVE incluído (expediente: 2020/C002/000078).

Coa data do 28 de agosto de 2020, a subvención solicitada, resulta concedida mediante Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, con número de expediente PACES-26/2, coas seguintes características:

Gastos subvencionables considerados para o cálculo da axuda	11.000,00 €
Importe máximo de axuda concedido	11.000,00 €
Período subvencionable	Do 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de novembro de 2020
Calendario de execución da operación (data de inicio e data de fin)	27 de maio de 2020 ao 30 de novembro de 2020

Segundo o artigo 3.2 da orde de convocatoria antes citada, unha vez redactado o PACES, este terá que estar aprobado polo Pleno da corporación municipal e correctamente rexistrado, telematicamente, no sitio web da Oficina do Pacto da Unión Europea, segundo os procedementos establecidos pola propia oficina. O artigo 17 da citada orde establece ademais que a data límite para executar o proxecto, así como para presentar a documentación xustificativa dos investimentos, será o 30 de novembro de 2020. Finalmente o o artigo 19 da citada orde, establece que as entidades beneficiarias terán de prazo para presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata o 30 de novembro de 2020, requirindo entre outros, un documento que acredite a presentación do PACES na páxina web do Pacto.

Coa data do 9 de novembro de 2020, e número de rexistro de entrada 202099900003987; a empresa "SM Sistemas Medioambientales, S.L.", presenta para a súa aprobación polo Pleno da corporación municipal e posterior rexistro no sitio web da Oficina do Pacto da Unión Europea antes do 30 de novembro de 2020, segundo o requirido nas bases da subvención solicitada, os seguintes documentos:

1. "Plan de Acción para el Clima y la Energía Sostenible (PACES) del Ayuntamiento de Cambre".
2. "Resumen ejecutivo PACES del Ayuntamiento de Cambre".
3. "Plan de comunicación y participación del PACES del municipio de Cambre".

Por todo o exposto e en virtude do establecido no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar os seguintes documentos redactados pola empresa "SM Sistemas Medioambientales, S.L.":

1. "Plan de Acción para el Clima y la Energía Sostenible (PACES) del Ayuntamiento de Cambre".
2. "Resumen ejecutivo PACES del Ayuntamiento de Cambre".
3. "Plan de comunicación y participación del PACES del municipio de Cambre".

Segundo: Notifíquese aos interesados.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 12 de novembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e vinte minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia